


Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia

En Santiago de Compostela, a 17 de xuño de 2026

REUNIDOS



Dunha parte, Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante Consellería).

E por outra banda, a Fiscal Xeral do Estado, a Excm. Sra. Dona **TERESA PERAMATO MARTÍN**, nomeada por Real Decreto 1140/2025, do 9 de decembro, e publicada no Boletín Oficial do Estado do 10 de decembro de 2025, no exercicio da representación do Ministerio Fiscal, órgano de relevancia constitucional con personalidade xurídica propia segundo se recolle na Lei 24/2007, do 9 de outubro, que modificou o artigo 22.1 da Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal, e pola súa delegación a Excm. Dona **MARÍA DEL CARMEN EIRÓ BOUZA**, nomeada Fiscal Superior de Galicia da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia por Real Decreto 1009/2025, do 4 de novembro, publicado no Boletín Oficial do Estado número 266, do 5 de novembro de 2025.



EXPOÑEN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

2. Que na organización do Ministerio Fiscal en Galicia atópase a súa Fiscalía autonómica, oficialmente denominada Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia constituída en data 21 de xaneiro de 2008 (Real Decreto 1.754/2007), con funcións de dirección, coordinación e representación xeral da Institución. Estende o seu ámbito territorial ao da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas funcións ao ámbito competencial do propio Tribunal Superior de Xustiza, conforme ao artigo 21.2 da Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal e demais disposicións concordantes.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que, en relación coa Administración de Xustiza, corresponde á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñezan ou atribúan ao Goberno do Estado. En virtude da devandita previsión estatutaria e do procedemento previsto na disposición transitoria cuarta do devandito Estatuto, produciuse o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións, servizos e medios da Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais, persoais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza, mediante o Real Decreto 2166/1994, do 4 de novembro, complementado polo Real Decreto 2397/1996, do 22 de novembro, e ampliado polo Real Decreto 233/1998, do 16 de febreiro, completándose o proceso mediante o Real Decreto 372/1999, do 5 de marzo, todos eles publicados no Boletín Oficial do Estado e vixentes en canto non foron derogadas ou substituídos por norma posterior.

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema

educativo de calidade o impulso de contornas escolares seguras, inclusivas e respectuosas na que o acoso e o ciberacoso escolar escolar no teñan cabida. A mellora continua do clima de convivencia nos centros educativos vén sendo unha máxima da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional nos últimos anos.

Neste contexto, a Estratexia galega de convivencia escolar 2025 e o Plan integral contra o acoso e o ciberacoso escolar recollen unha planificación xeral a seguir con iniciativas destinadas a fomentar unha convivencia de calidade e sen conflitos.

4. Que a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, afirma que a educación debe fomentar a convivencia democrática e o respecto ás diferenzas individuais, promover a solidariedade e evitar a discriminación, co obxectivo fundamental de lograr a necesaria cohesión social.

Pola súa parte, a Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (LOPVI), que desenvolve no capítulo IV diversas medidas de prevención e detección precoz da violencia nos centros educativos que se consideran imprescindibles, ao ter en conta que se trata dunha contorna de socialización central na vida das nenas, nenos e adolescentes.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar define a convivencia escolar como a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa.

5. Que a Fiscalía en Galicia considera o acoso escolar un interese prioritario de actuación. Segundo consta na Memoria da Fiscalía do exercicio 2024, publicada en 2025, a Fiscalía territorial actúa como garante da protección legal dos menores afectados, reforzando a prevención fronte ao acoso escolar, especialmente en situacións de ciberacoso onde a incidencia tecnolóxica é particularmente relevante.

6. Ambas partes manifiestan o seu interese común en colaborar e dar soporte á Rede de Concellos contra o acoso escolar a cal terá os seguintes obxectivos:

- 1) Fortalecer a coordinación entre institucións e entidades locais para previr, detectar e abordar de forma eficaz os casos de acoso e ciberacoso no ámbito escolar.
- 2) Establecer un seguimento sistemático e continuado dos posibles casos, incorporando unha perspectiva territorial que garanta a implicación activa de todos os actores responsables a nivel local.
- 3) Ofrecer apoio estruturado e colaborativo aos centros educativos na xestión de situacións de acoso e ciberacoso, favorecendo respostas áxiles, integradas e adaptadas a cada contexto.
- 4) Promover a prevención como eixo central da intervención, impulsando unha cultura de convivencia positiva, respecto e tolerancia cero cara a calquera forma de violencia.
- 5) Fomentar a formación continua e especializada dos axentes implicados co fin de dotalos de ferramentas actualizadas e criterios comúns de actuación.
- 6) Diseñar e implementar programas específicos e contextualizados, que respondan as características e necesidades particulares de cada contorna local.
- 7) Reducir a incidencia de casos que requiran a activación do protocolo de acoso escolar, mediante estratexias de detección tempera e unha intervención preventiva ben coordinada.

Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio de colaboración para a coordinación das actuacións no desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar en base ás seguintes cláusulas:



CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fiscalía Superior de Galicia no desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar.

Segunda. *Ámbito de aplicación*

O presente convenio é de aplicación para a Administración da comunidade autónoma de Galicia, incluíndo as entidades locais territoriais e non territoriais nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Terceira. *Desenvolvemento da colaboración*

Os compromisos das partes que se derivan da subscripción deste convenio son os seguintes:

1.- Compromisos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

- a) Asumir a xestión derivada das actuacións previstas no presente convenio, comprometéndose a levar a cabo as tarefas administrativas, técnicas e operativas necesarias para a súa correcta execución, seguimento e avaliación.
- b) Promover unha formación integral, colaborativa e conxunta dirixida aos profesionais dos sectores de educación, sanidade, servizos sociais e demais ámbitos afíns, así como ao persoal dos concellos adheridos cuxa actividade poida estar directamente vinculada á intervención, xestión ou prevención de situacións de acoso.
- c) Solicitar activamente o apoio e a participación daqueles outros departamentos da Xunta de Galicia, entidades e institucións necesarias para o

cumprimento das iniciativas e actuacións a desenvolver no marco da Rede de Concellos contra o acoso escolar.

2.- Compromisos da Fiscalía Superior de Galicia

- a) Apoiar a difusión de iniciativas e actuacións de éxito orientadas á prevención e intervención fronte ao acoso escolar.
- b) Promover, de ser o caso, a intervención extraxudicial para que os menores recoñezan a infracción, corrixan o seu comportamento e desenvolvan un vínculo reparador coa vítima.
- c) Participar na formación especializada dos axentes implicados na prevención e intervención do acoso escolar.
- d) Colaborar coas institucións e departamentos vinculados á rede no desenvolvemento das actuacións previstas dentro do seu ámbito de actuación.

Cuarta. Financiamento

Este convenio non leva consigo apareladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Quinta. Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Fiscalía Superior de Galicia e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sexta. Comisión de seguimento

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión de seguimento, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, sendo a presidencia e a secretaría de carácter rotatorio entre ambas institucións asinantes.



2. A comisión reunirase, con carácter ordinario, unha vez ao ano. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle a esta comisión as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.

d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

A actuación da Comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima. Natureza e réxime xurídico

Este convenio ten natureza de convenio interadministrativo asinado entre dúas ou máis Administracións Públicas séndolle de aplicación o previsto na Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que puideran xurdir entre as partes como consecuencia da execución do convenio procurarán liquidarse por mutuo acordo das mesmas. Se non puidera acadarse dito acordo, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo exclusivamente no referido ás controversias que xurdan entre calquera das partes asinantes do convenio.

Oitava. Protección de datos e confidencialidade

Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do

Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Novena. Transparencia

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Décima. Resolución

Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en calquera das causas de extinción establecidas no artigo 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

Décimo primeira. Vixencia

A vixencia do presente convenio será de catro (4) anos, contados a partir da data da súa sinatura. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal establecido.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de

estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal establecido.

Décimo segunda. *Modificación do convenio*

O contido do convenio poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscrición do oportuno acordo de modificación.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo terceira. *Notificación electrónica*

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.


Lido o Convenio asínase polas partes no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL,

O CONSELLEIRO,

Roman Rodríguez González

POLA FISCALÍA SUPERIOR DE
GALICIA,

A FISCAL SUPERIOR,


Carmen Eiró Bouza